

1.- Nome da froito:

- ✓ Conteñen un 80% de auga, fibra, hidratos de carbono, proteínas e moitas calorías.
- ✓ A mellor época para o consumo é o outono. Ao mercala debemos mirar que a pel non esté engurrada. Debe estar lisa, dura, sen marcas.
- ✓ Debe o seu nome a que é o alimento básico dunha ave orixinaria de **Nova Celandia** e a unha remota similitude de aspecto entre o froito de orixe chinesa e a ave neocelandesa.
- ✓ Pénsase que o seu nome se debe á súa orixe asiática e á cor dos traxes dos **mandaríns** da antiga **China**.
- ✓ Xeralmente, non é consumido ao natural: a súa carne é áspera.
- ✓ É moi enerxética e ten un elevado valor nutritivo e un alto contido en calcio. **California** é a principal área produtora, séguelle **España**.
- ✓ Planta gramínea anual. Ten un crecemento rápido, chegando aos 2,5 metros de altura nun ano, que é a súa quenda de colleita.

2.- Cita cinco froitos carnosos e catro secos que vexas na exposición

SECOS

CARNOSOS

3.- As seguintes adiviñas refírense a froitos secos. A cales?

Unha arquíña de bo parecer,
ningún carpinteiro a puido facer.

Que cousiña será para adiviñar,
que de novo ten barba,
e de vello non?

Está en MES e non en TRES
Repítome tres veces en CASTAÑA
Son a primeira letra de GUSTO.
Son a última letra da frase anterior.
Quedo no medio de FESTA.
Aparezco no SOUTO e desaparezo en SOUBO.
Son a letra que se repite en OUTONO.

4.-Un souto é un conxunto de castiñeiros. Como se chamará o conxunto de:

Nogueiras:

Piñeiros:

Amendoeiras:

Laranxeiras:

Carballos:

Maceiras:

5.- A que receita corresponden os seguintes ingredientes? Arrodea:

2 Kg de mazás

1.-Marmelo de nocés.

media cabaza

2.- Revolto de cogomelos.

2 quilos de azucre moreno

3.-Marmelo de mazás con nocés.

$\frac{1}{2}$ kg de nocés

4.- Chulas de cabaza.

200g de cogomelos

5.-Flan de mazás docés.

Exposición: froitos do outono,

6.- Completa a seguinte táboa (Pon diante **o** ou **a**)

Nome da árbore	Froito
A laranxeira	
	O marmelo
	A abelá
O carballo	
	A castaña
A amendoeira	
A pereira	
	O piñón

7.- Escribe os seus nomes:



Exposición: froitos do outono,

8.- A seguinte preparación, a que receita corresponde? Arrodea:

“Pélanse as castañas e póñense a cocer en auga fervendo cun poquiño de sal. Unha vez case cocidas, poñémolas a cocer en almíbar frouxo durante dez ou quince minutos para que as castañas se empapen. Unha vez ben empapadas déixanse arrefriar e sérvense”

Castañas anisadas

Castañas en almíbar

Castañas con leite

9.- Le e corrixe os erros que atopas. Pode haber fallos de ortografía ou no contido.

- A árbore chámase **marmeleira**, orixinaria da **Asia Menor** e dá como froito o marmelo.
- A avelá é o froito da aveleira.
- A améndoa é un froito carnosos, recollido en xuño e xullo, e de sabor delicado.
- Outro importante uso das castañas é o aceite , co que se pode preparar pan, pasteis e pasta.
- Da uva obtense o **mosto** (zume de laranxa), o **viño** e o vinagre. Na **vide** preséntase en forma de racimos.
- A cabaza ten unha cor rosada.
- O millo é orixinario de Europa.
- A micoloxía é a ciencia que estuda a variedade de uvas.
- As landras só as da o carballo.


10.- Destacarías algunha curiosidade no tema que acabas de tratar?

11. Resolve esta sopa de letras de froitos do outono.



uvas	abela	castaña
piñons	landras	mandarina
granada	kiwi	
millo	noz	
caqui	cogomelo	

12.- Resolve este crucigrama:

**Horizontal**

1. PRESENTASE NUNHA ESPIGA
5. ESTÁ CUBERTO DE MICROPELOS
6. CÓMENAS OS PORCOS
7. CON ELAS FANSE CAAVEIRAS NO SAMAÍN
8. CONTÉN UN 88% DE AUGA
10. RECÓLLENSE NA VENDIMA

Vertical

2. TEN ALTO CONTIDO EN VITAMINA C
3. VAI DENTRO DUN OURIZO
4. EXISTEN 750 ESPECIES
7. HAINOS MOI VELENOSOS
9. CON ELA FAISE A SIDRA